

Grupo de Innovación Educativa nos Estudos Ingleses e Irlandeses

Lorenzo Modia, María Jesús; Barros Grela, Eduardo

Departamento de Letras. Facultade de Filoloxía. Universidade da Coruña

PALABRAS CLAVE: estudos ingleses, estudos irlandeses, contidos web

RESUMO (ABSTRACT)

Tanto a área das Humanidades como especificamente os Estudos Ingleses atópanse nun importante momento de transición durante o primeiro cuarto do século XXI. A situación xeopolítica actual, dominada polas tensións entre a globalización e as sensibilidades locais, invita a repensar as relacións dos individuos e das comunidades coa cultura e coas letras e, por este motivo, é importante xerar coñecemento que se adecúe ás necesidades do alumnado que estará exposto a este panorama social.

Neste sentido, dende os Estudos Ingleses da Facultade de Filoloxía e os Estudos Irlandeses do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses, estanse a facer esforzos por achegar ao noso alumando e á comunidade local e global o coñecemento cultural e académico que manexamos nas nosas actividades universitarias, e estanse a desenvolver iniciativas para dinamizar estes *clusters* informativos.

Unha destas propostas educativas consiste no desenvolvemento dunha rede informativa sobre os recursos de investigación no ámbito dos Estudos Irlandeses. O grupo de investigación de Estudos Irlandeses está a crear unha páxina de contidos web que pretende ser pioneira no ámbito estatal, e que recollerá ferramentas de investigación relacionadas coa lingua, a literatura, a cultura, o cine e as artes do ámbito irlandés.

O póster que se propón para as III Xornadas de Innovación Docente na UDC recolle os obxectivos, a metodoloxía, os potenciais resultados e as conclusións das diferentes ramas de noso grupo de innovación docente.

III Xornadas de innovación docente da UDC

“Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe”

8 e 9 novembro de 2018

Grupo de Innovación Educativa de Estudos Ingleses e Irlandeses

Introdución

Rama de coñecemento: Artes e Humanidades

Liñas de actuación: (1) Metodoloxías activas en docencia presencial e semipresencial;

(4) Uso e aplicación de recursos tecnolóxicos para a mellora da aprendizaxe;

(5) Responsabilidade social universitaria.

Obxectivos do GIE: (1) Utilizar as estratexias e técnicas de dous métodos de ensino-aprendizaxe de lingua, literatura e cultura inglesa e irlandesa como "flipped classroom" ou aula invertida e aprendizaxe cooperativa, para o ensino dos mesmos. E co obxectivo de favorecer a aprendizaxe activa e conseguir o necesario equilibrio entre as necesidades do alumnado e o profesorado.

(4) Dada a actual importancia dos recursos online para a formación do alumnado universitario e en particular o Grao de Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e das outras titulacións da Facultade de Filoloxía, a nosa proposta consiste na busca, organización e publicación dun portal que inclúa páxinas Web relacionadas coa cultura irlandesa xa accesibles a través da rede de Internet. Centrámonos nos temas de Historia de Irlanda, folclore e cultura popular, artes e música, arquitectura, arqueoloxía, lingua irlandesa, entorno físico e literaturas irlandesas. Acceso a recursos organizados de forma didáctica e científica para a súa formación e transferencia de coñecemento á sociedade.

(5): Dentro da responsabilidade social universitaria trátase de propiciar o desenvolvemento económico, social e cultural do noso ámbito de influencia, en relación co entorno e cidadanía. Utilízase a ecolingüística e a ecocrítica como marco teórico para a análise do obxecto de estudo, así como os estudos da muller e de xénero, e poñelos en relación co ensino.

Actividades

(1) Utilizáronse as estratexias e técnicas de "flipped classroom" ou aula invertida e aprendizaxe cooperativa na materia denominada Metodoloxía do Ensino-Aprendizaxe de Linguas estranxeiras no Mestrado de Ensino Secundario na Facultade de Ciencias da Educación. Foi coñecido o obxectivo co grande aproveitamento. Implementouse nas Prácticas realizadas polo alumnado e nos Traballos de Fin de Mestrado.

Promovéuse así un ensino centrado no alumnado.

Está presentada e pendente de defensa no presente ano 2018 a tese de doutoramento de Noelia María Galán Rodríguez, membro do grupo de Innovación, que trata sobre a aplicación destes métodos.


(4) Busca, organización e publicación dun portal de páxinas Web relacionadas coa cultura irlandesa xa accesibles a través da rede de Internet.

Temas: Historia de Irlanda, folclore e cultura popular, artes e música, arquitectura, arqueoloxía, lingua irlandesa, entorno físico e literaturas irlandesas.

Coa publicación do dito portal, o alumnado e profesorado da Facultade ten acceso a recursos organizados de forma didáctica e científica para a súa formación e tamén se faría unha actividade de transferencia de coñecemento á sociedade.

(5) Trátase de propiciar o desenvolvemento económico, social e cultural do noso ámbito de influencia, en relación co entorno e cidadanía. Así a través da mellora educativa do noso estudiantado e da inmersión lingüística noutras linguas e culturas valorizan as propias e permíttelles un estudo comparativo e un rendimento académico que comportará unha transferencia dos valores da cultura á nosa sociedade.

Emprégase a ecolingüística e a ecocrítica como marco teórico para a análise do obxecto de estudo, así como os estudos da muller e de xénero, en relación co ensino e coa súa aplicación na transferencia de coñecemento mediante a súa implementación pedagóxica.



Coord. María Jesús Lorenzo Modia

Autor: Eduardo Barros Grela – ebarros@udc.es

Facultade de Filoloxía – Universidade da Coruña

Web Site / Portal

Government offices and Departments	
https://www.ireland.ie/en	Website is a cross-sectoral initiative curated and managed by the Government of Ireland to showcase Ireland as a place to live, visit, invest, study, and do business with.
https://www.gov.ie/en	Services and information on the Irish government
https://www.military.gov.ie/en/	Ireland's Army, Air Corps and Naval Service
http://www.agriculture.gov.ie/	The high proportion of expenditure on local raw material and services as well as the dispersed nature and composition of the sector will ensure that the agricultural sector will play an integral part in the recovery of our economic success and the continued viability of rural and coastal areas.
https://www.education.gov.ie/	Department of Education and Skills
https://www.dias.gov.ie/	Department of Foreign Affairs & Trade
https://www.health.gov.ie/	Department of Health
https://www.housing.gov.ie/	Department of Housing, Planning, Community & Local Government
https://www.defence.ie/	Department of Defense
https://www.gov.ie/en/	Department of Business, Enterprise & Innovation
https://www.irish.ie/	Department of Justice & Equality
https://www.east.gov.ie/en/	Department of Public Expenditure & Reform
https://www.wildlife.gov.ie/en/?page=home_aus/	Department of Employment Affairs and Social Protection
https://www.dttas.ie/	Department of Transport, Tourism & Sport
Other offices	
https://www.cso.ie/en/index.html	Central Statistics Office (Ireland's Central Statistics Office)
https://www.bim.ie/	Irish Food Board (Irish Seafood Development Agency)
https://www.citizensinformation.ie/en/	Information on Irish citizenship, illness benefit, state pension etc.
https://www.dco.gov.ie/	Department of Culture Heritage and the Gaeltacht

Resultados

(1) Préséntase en novembro a tese de doutoramento de Noelia María Galán Rodríguez

(4) Estase a desenvolver o beta dunha páxina web de contidos relacionados coa cultura irlandesa, comezando con recursos sobre o cine dese país e aplicadas ás materias de Literatura Irlandesa e Literatura do século XX.

Diversas publicacións internacionais que se nutron da presente proposta de innovación docente, incluíndo o volume editado por Antonio Raúl de Toro Santos e Eduardo Barros Grela *Looking Out on the Fields. Reimagining Irish Literature and Culture*, o volume editado por Antonio Raúl de Toro Santos, *Words and Music in Irish Literature*; Eduardo Barros Grela está a rematar un monográfico sobre cine irlandés contemporáneo que será publicado en Londres; e David Clark Mitchell está a rematar un monográfico sobre a novela negra irlandesa que será publicado en Francia.

Tamén se comezou a dirección de dúas teses de doutoramento no Programa Interuniversitario de Estudos Ingleses, enfocadas en poetas irlandeses contemporáneos e performance, dirixida por Antonio Raúl de Toro Santos e Eduardo Barros Grela: Eva María Pérez López, e a de Natalia Moreira Arias, dirixida por Eduardo Barros Grela e que estudia a recepción do cine americano no ámbito español, alemán e irlandés.

Outras dúas teses de doutoramento sobre a pedagogía dos estudos ingleses se están a desenvolver no mesmo marco e son dirixidas por Eduardo Barros Grela (Lucía Fraga e Esther Diz).

Estanse a desenvolver actividades académicas co alumnado a través do observatorio de Cultural Studies, Society, and Alternative Narratives (CSSAN), dirixido por Eduardo Barros, incluíndo seminarios e congresos: <https://www.udc.es/gl/amerigin/observatories/CSSAN/>

(5) Este enfoque didáctico foi utilizado na materia Literatura Inglesa dos séculos XVIII e XIX en particular dentro do marco do ecofeminismo.

Realizouse unha publicación internacional: María Jesús Lorenzo Modia con Margarita Estévez-Sáa, titulada: "The Ethics and Aesthetics of Eco-Caring: Contemporary Debates on Ecofeminism(s) Women's Studies An inter-disciplinary journal

María Jesús Cabarcos Traseira e María Jesús Lorenzo Modia participaron na aplicación de técnicas e resultados do proxecto do MINECO: FEM2015-66937-P, titulado Eco-ficciones: Discursos emergentes sobre mujer y natureza en Galicia e Irlanda

Dirección de dúas teses de doutoramento no Programa Interuniversitario de Estudos Ingleses, co marco teórico da ecocrítica e os estudos de xénero dirixida por María Jesús Lorenzo Modia e Begoña Lasa Álvarez: Clara López Torres e María Asunción Rojas Encalada.

María Jesús Cabarcos está a realizar a edición dun número monográfico de *Journal of Commonwealth Literature* que se publicará en 2019.

Contact

Coordinación: María Jesús Lorenzo Modia (imodia@udc.es)

Autoría: Eduardo Barros Grela (ebarros@udc.es)

Facultade de Filoloxía: www.udc.es/filo

Irish Studies, Amergin: www.udc.es/amerigin

Portal Irish Studies: <http://193.147.33.53/amerigin/>

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa